JOSE RAMON ROMERO GARCIA (1 para 1)
Alcalde
Data de Sinatura: 28/07/2026
HASH: 4705b47559d2619c6432b37e5b8aeff7a

ABASTECEMENTO DE AUGA MUNICIPAL. PROHIBICIÓN DE REGOS E BALDEOS ENTRE AS 20:00 E AS 23:00 HORAS.

D. José Ramón Romero García, alcalde-presidente do Concello de Boiro

FAI SABER:

Primeiro.- Que nalgúns núcleos de poboación se están a suceder faltas de presión no abastecemento de auga consecuencia do uso intensivo e xeneralizado que se fai de este servizo en determinados horarios puntuais.

Segundo.- Que, consultados os servizos técnicos municipais, estímase que a falta de presión se debe a un consumo excesivo por parte da veciñanza derivado de baldeos, rego en xardíns e acometidas non autorizadas. Algunha destas situacións veñen provocadas polas altas temperaturas que se están a sufrir e que van continuar nos vindeiros días.

Terceiro.- Que esta falta de presión provoca que determinados usuarios non dispoñan do abastecemento mínimo necesario para levar a cabo accións esenciais como a hixiene persoal ou uso alimentario que se fai de este servizo.

Cuarto.- Que segundo establece o *Regulamento xeral do servizo municipal de subministración de auga potable do Concello de Boiro* do ano 2013, "**as acometidas non autorizadas e os usos da auga non establecidos no contrato ou prohibidos conlevarán a sanción correspondente**".

Quinto.- Rógase e recoméndase un uso responsable da auga municipal, **quedando prohibido ata novo aviso o rego de xardíns e baldeos con auga da traída municipal entre as 20:00 e as 23:00 horas**. Así mesmo, dende o servizo municipal levarase a cabo un maior control da posible existencia de acometidas non autorizadas.

Sexto.- Con estas medidas trátase de minimizar os efectos que a falta de presión pode provocar no abastecemento municipal. De persistir esta situación valorarase outro tipo de medidas mais restritivas.

O que se fai público para o seu coñecemento e debido cumprimento.

O alcalde

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

Cod. Validación: S6ZWTM49MH7WAN9JYT4Y7SPAE
Corrección: https://boiro.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 1